

Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Outubro 2005 COMUNICADO

O prezo do leite acadou cifra de 29,9 euros por cen litros en outubro de 2005, un 2,8% superior ao de setembro

O prezo do leite percibido polos gandeiros aumentou en outubro de 2005 un 2,8% en relación ao mes anterior

O prezo percibido polos gandeiros polo leite en outubro de 2005, que se situou en 29,9 euros por cen litros, creceu un 2,8% con respecto ao prezo de setembro. Se a serie se corrixe de estacionalidade a variación relativa sobre o mes anterior sitúase no 0,2%. Con respecto ao prezo de outubro de 2004 a variación foi dun -6,2%, descenso que se ven producindo dende o mes de marzo. En termos de datos corrixidos de estacionalidade a variación interanual foi dun -6,0%.

Atendendo ás compoñentes do prezo, foron as primas as que contribuíron ao crecemento do prezo total xa que aumentaron un 21,1% en outubro con respecto a setembro. O prezo base descendeu con respecto a setembro un 1,0%. Con respecto a outubro de 2004 o comportamento é similar, crecen as primas un 8,8% e diminúe o prezo base un 9,7%.

O prezo do leite aumentou en tódalas provincias en outubro de 2005 con respecto a setembro de 2005


Tendo en conta a información provincial, o prezo do leite aumentou en todas elas en outubro de 2005 con respecto a setembro. O maior crecemento produciuse en Lugo, un 4,7%, os crecementos das restantes provincias foron menores: en A Coruña creceu un 1,1%, en Ourense un 1,2% e en Pontevedra un 2,0%.

Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Outubro 2005.

	Dato (€100 l)	% variación sobre	
		mes anterior	Mesmo mes ano anterior
<i>Prezos do leite</i>			
Prezo total	29,9	2,8%	-6,2%
Prezo base	23,9	-1,0%	-9,7%
Total primas	6,0	21,1%	8,8%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Prezo total	29,2	0,2%	-6,0%
Prezo base	23,6	-1,6%	-9,7%

FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

No seguinte gráfico pódese observar a evolución do prezo do leite total e base dende 1994.



FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es